

VOLVER NACER



PERSONAXES

DEMO. É un ser moi burlón. Non quere solucionar nada e sempre vai estar metendo cizaña. Viste

de negro, vai moi repeinado e con moita colonia.

ROSA. É unha muller maior, viúva. Gústalle moito calcetar e sempre leva unha fotografía do seu

casamento. Pouco a pouco, foise deixando invadir pola tristura e nunca máis volveu sorrir... Ou si?

MARUXA. É unha muller estraña. Non sabemos moi ben de onde ven nin a súa historia. Moi seria, e calculadora. Sempre está vendo o negativo en tódolos lados. Viste de negro e leva algunhas cintas prateadas.

CARMELA. É unha muller estraña. Non sabemos moi ben de onde ven nin a súa historia. É todo ledicia e positividade. A súa roupa leva máis flores que unha leira na primavera.

MANOLO. É o fillo de Rosa. Traballa nun bar e sempre chega tarde á casa, moi canso. Pero aínda así, busca poder pasar un pouco tempo coa nena e a súa muller. Leva camisa de cadros, un pouco arrugada, pantalón vaqueiro, e barba de cinco días. Camiña un pouco encorvado.

CARMUCHA. É nora de Rosa. Está casada con Manolo. Ten moita personalidade e case nunca deixa falar a Manolo, pero el enténdea. Total, a Manolo nunca lle gustou moito falar, e ver feliz á súa muller faino feliz a el. Viste chaqueta de lá un pouco floxa e aparenta máis anos dos que ten.

LOLA. É a neta de Rosa. Filla de Manolo e Carmucha. Leva unha boneca de trapo na man.

RAMÓN. É o fillo de Rosa. Vive na cidade, e gaña moitos cartos. Sempre viste de camisa e garabata, porque é o director dun banco. Fala en castelán.

Non ten moita cultura, máis alá dos cartos que ten no banco. Cada vez que alguén non fala con el, está co teléfono ás voltas.

PURI. É nora de Rosa. Está casada con Ramón. Vive na cidade, e está acostumada a moitos luxos e caprichos. Fala en castelán. Ten unha voz moi chillona e xesticula moito coas mans cando fala. Sempre que pode, colle o espelliño no bolso para mirar se ten o pelo ben ou a maquillaxe.

JONATHAN. É o neto de Rosa. Fillo de Ramón e Puri. Fala en castelán. Sempre está pelexando coa súa irmá, e nunca está contento co que ten. Chilla moito.

CARMENCITA. É a neta de Rosa. Filla de Ramón e Puri. Fala en castelán. Chilla moito ao falar. Chora moi facilmente.

MARIJÓ. É unha veciña amiga - crítica de Rosa. Sempre está alabando a todo o mundo, ata que marchan, logo di tódalas cousas malas que se lle ocorren. Outra das súas “virtudes” é que minte máis que fala.

MARICHÚ. É outra veciña amiga - crítica de Rosa. Gústalle moito escoitalos cotilleos e as mentiras da súa amiga Marijó.

DON ROBERTO. É o cura de toda a vida da parroquia na que naceron. É moi serio e sempre anda a organizar cousas.

MARÍA. É filla de Xaquín e Ana. Moi nova casou con Xosé, e tiveron un fillo ao que lle puxeron Xesús.

MELCHOR, GASPAS, BALTASAR.

XOSÉ.

PISTA 1. Deixar que soe de fondo...

DEMO: (ten unha voz profunda e seria) As cousas que hoxe van a acontecer aquí serán unha sorpresa. ¿Que para quen? Pois para Rosa... ¿Védela? Está aí, durmindo sen saber o que lle espera. E, ¿quén sabe?? Ao mellor tamén é unha sorpresa para vós... (tos)

Bueno, aínda que... se o penso ben... Vós non vos deixades sorprenden xa, ¿Verdade que non? (Camiña pola escena, falando moi despacio e alto para que todos lle entendan).

Imaxínade por un momento que cun chiscar dos meus dedos (chisca os dedos desafiante) todos quedádeses durmidos aquí mesmo, neste preciso lugar...

Algún aínda había quedar contento!! Si, xa o sei... E imaxínade que abrides os ollos e todo cambiou. ¡¡Todo cambiou!! (berrando menos e dándolle as costas ó público, pensando). Todo cambiou... (mira rapidamente ó público e bérralles) ¡¡Pero pechade os ollos!! Se non os pechades, ¡¿Cómo os ides abrir cando eu vos diga, eh?? (agora vai camiñando, achegándose ó público e preguntándolle directamente). ¿Como vos gustaría encontralo todo ao espertar? ¿Quen se lembraría de vós? (sinala directamente a alguén do público) E ti, ¿que fixeches este ano para que alguén se lembre de ti? Pois veredes... Isto pasoulle a Rosa... (Comeza a marchar da escena pero pronto lembra algo e xírase, para dicir unha última frase). ¡Ah! (sinalando co dedo índice a algúns do público) E o que aínda non abra os ollos que o faga... Non sexa que cando volva espertar xa pasaran trescentos anos... (sae de escena).

ACTO 1º

Rosa está a durmir coa calceta na man, e unha foto antiga, nunha cadeira tapada cunha manta. De vez en cando ronca profundamente, e parece que vai espertar, pero non é así. Entrementes, achéganse dúas mulleres mooooooi estrañas.

MARUXA. (mira cara a outra) Creo que vai sendo hora de espertala, ¿non durmiu moito xa?

CARMELA. Pero mira que feliz parece durmindo... ¿E se a deixamos un pouco máis? Seguro que soña cos momentos felices da súa vida...

MARUXA. (achégase para mirala máis de preto, como observando cada detalle da súa cara. Nese momento, Rosa fai xestos como se estivese a escorrentalas moscas, e dálle unha lapada a Maruxa). ...Ai!! (mira con enfado a CARMELA) Pois ten un xeito de ser feliz moi particular, eh??

CARMELA. (mira a Rosa con tristura) Pobre muller... (camiña dun lado para outro e fai xestos de estar pensando).

MARUXA. (cara o público)... Non vos estrañedes. O que está a facer Carmela é pensar... Si, peeeen - saaaaar. ¿Lembrades o que é?

CARMELA. (de repente, interrompendo a MARUXA) ¡¡Xa o teño!! Vou buscar o noso baúl dos recordos... A ver que hai por alí para axudarnos a espertala. (desaparece)

MARUXA. (move a cabeza dicindo “non”, con preocupación). A última vez que levamos o baúl dos recordos a algures... Non queredes saber como rematou a cousa... Vouvos contar...

MÚSICA: “Buscando en el baúl de los recuerdos”.

(Entra CARMELA moi contenta co seu baúl, pero ensinando que pesa moito. Coloca o baúl no medio do escenario para que todo o mundo o pida ver).

CARMELA. Velaquí está!!

MARUXA. ¿Estás segura de que queres volver a abril? Mira que a última vez...

CARMELA. Bah!! Preocúpaste por calquera cousa, muller... (achégase ó baúl e ábrelle a tapa, pero moi despaciño. Mira dentro, e volve pechala. Sorrí. E volve abril, pero sen quitala tapa de todo. Busca e rebusca dentro intentando atopar o que precisa... Saca a man co puño pechado e ábreo pouco a pouco, deixando a palma da man aberta. E logo, sópralle coma se tivese polvos máxicos... Mentres, Maruxa, bota as mans á cabeza).

MARUXA. (mira o ceo) Que Deus nos perdoe... (Saen da escena, pero quedan preto para volver entrar en calquera momento)

ACTO 2º

Rosa segue a durmir, e entran a escena os seus dous fillos, pero non prestan atención á súa nai durmindo na cadeira. Parece que non a ven.

RAMÓN. (Dálle unha palmada ao irmán nas costas, mentres camiñan) Ai hermano... Esta semana fue tan larga... Los paisanos probriños que vienen al banco son un poco maleducados. Siempre se vienen quejando de las comisiones que les cobramos. (Indignado) ¡Es que no pueden pretender que tengamos los mismos detalles que tenemos con las cuentas importantes! (resopla).

MANOLO. (mira con incredulidade ao seu irmán) Home...

RAMÓN. (interrumpe a su hermano). Si, ya sé que tengo razón. Pero es lo que toca Manolo... Hai que tener paciencia. Y ahora, llegan estos días y recuerdo tanto a madre...

MANOLO. Pois eu véxote lembrándoa tanto coma sempre, coma cando vivía. (Cara o público) Ou sexa, nada...

(Entran JONATHAN e CARMENCITA, facendo moito ruído, pelexando por un xoguete).

RAMÓN. ¿Qué es lo que sucede niños? No vengáis a molestar ¿eh? Estoy hablando de cosas importantes con tío Manolo.

CARMENCITA. (Chora e grita). ¡Papá! ¡Jonathan no me deja su juguete!

JONATHAN. (grita más) ¡Ella tiene muchos más! ¡Siempre le compras más!

RAMÓN. ¡Ya está bien! Carmencita, toma 50€ y vete a comprar otro igual. Jonathan, tienes que compartir con tu hermana los juguetes. (Demo merodea arredor deles, como achegándose a falarlles ao oído)

JONATHAN. ¡Pero si digo que tiene más juguetes y aún le das dinero para que compre más!

CARMENCITA. ¡Yo soy más buena que tú! ¡Papá me quiere más a mí!

JONATHAN. ¡No es justo! (pon cara de moi moi enfadado, como se estivese a piques de odiar á súa irmá).

(Saen JONATHAN e CARMENCITA e entra PURI, con cara de indignación, con DEMO que a vai acompañando á escena poñéndolle a man nas costas).

PURI. (Entra moi nerviosa e bota a man á cabeza). ¡Ai Ramón! YO tengo una jaqueca terrible.

Estos niños NO me dejan ver la telenovela de la tarde. HE LLAMADO a la niñera para que venga a cuidarlos, pero me ha dicho que está ingresada en el hospital POR UNA NEUMONÍA... ¡¡Pero si ya lleva dos días enferma!! Te voy a decir una cosa Ramón: estas paisaniñas lo que no tienen es ganas de trabajar. Como siga así, la tienes que despedir. ¿Me oyes Ramón? Porque como sigamos así... Así YO no puedo, Ramón. ¿Me oyes?

RAMÓN. Tranquila mujer. En cuanto vuelva del hospital la despedimos. Para su puesto hay veinte personas más, y seguro que aún podríamos pagarles menos. ¡Habrase visto que alguien se enferme fuera de las vacaciones!

PURI. Ai Ramón, que bueno eres. No sé qué haría YO sin ti. (DEMO está dando brincos por detrás aplaudindo e facendo festa).

(Marchan RAMÓN e PURI. Manolo queda na escena, pensativo. Senta nunha escaleira, fronte o baúl de Maruxa e Carmela).

MANOLO. Ai mamá... Se estiveses aquí todo estaría no seu lugar. Pero non quixeches quedar connosco. A tristeza puido contigo... ¡E mira que eras unha

muller alegre! (colle a cabeza entre as dúas mans, e queda así, como lamentándose).

(Nun lateral, CARMELA, pelexa con MARUXA, porque quere ir ó baúl e Maruxa non lle deixa. Finalmente, é MARUXA a que se achega ó baúl con moito coidado, ábrelle a tapa, volve rebuscar, e saca a man co puño pechado. Vai xunta Rosa, abre a man e volve soprar, preto da cara dela. MARUXA desaparece. ROSA estornuda, abre os ollos sorprendida e érguese do seu sono. Camiña cara o seu fillo con dificultade apoiada no bastón).

ROSA. (Acaríñalle o pelo) Meu neno... Que tes? Que é o que che preocupa? (Manolo non a ve, non a pode ver... Así que non reacciona. Rosa está sorprendida. Vaise achegando DEMO). Non entendo nada. Non me escoitas fillo?

MANOLO. Non entendo porqué sendo tan relixiosa deixaches de celebralo Nadal...

ROSA. Ai meu fillo!, se souberas o arrepentida que estou...

MANOLO. (fala como se estivese botándolle na cara a súa nai, pero non a pode ver) Xesús volve nacer cada día... É o importante do Nadal... E os que xa non están con nós, están con ÉL!

ROSA. (ponlle unha man no ombreiro ao seu fillo, e Manolo sente cono un escalofrío, pero segue sen vela). Non esteas triste Manolo... Tes unha familia fermosa. Vive o Nadal! Celébrao!! (pero Manolo segue caendo na tristura)

DEMO. (achégase a Rosa, e fálalle moi preto). Non te pode escoitar.

ROSA. (asustada pola presenza do demo) E ti quen es?

DEMO. Eu son... Eu!! Ou non me miras??

ROSA. Facíate máis feo, peor peinado, con roupa un pouco máis barata... (achégase a Demo e úleo) e con peor cheiro, a verdade.

DEMO. Ai, ai, ai... Aínda non entendemos nada.

ROSA. Que teño que entender? O meu fillo non me pode ver... Que é o que está a pasar? Que fas aquí?

DEMO. Ehh... estou aquí porque hoxe vaise celebrar unha gran festa na miña honra... Levo feito un moi bo traballo nos últimos anos...

ROSA. ¿Ti un bo traballo?

DEMO. (con moita fachenda) Si, eu!! Xa te darás conta... Cada vez menos xente celebra o Nadal...

ROSA. Pois aínda vexo moitas luces polas rúas, e comidas moi abundantes nas casas...

DEMO. (xoga cos dedos coma o Señor Burns e mira ó publico) É certo... Pero xa se esqueceron do máis importante...

ROSA. (colle a cabeza entre as mans, con xestos de non estar a entender nada). Non pode ser... Ten que ser un pesadelo.

DEMO. Non!! Non, non non... (cara o público) Ollade ben. Esta é a parte máis fermosa... (cara Rosa) Agora é cando che ensino que decidiches durmir nos loureiros e a túa familia seguiu adiante sen ti...

ROSA. Non pode ser... Eu era imprescindible na vida da miña familia (da un golpe co bastón no chan). ¡Non puideron esquecerme!

DEMO. Se esqueceron o Nadal... ¿como non te ían esquecer a ti?

(DEMO sae con ROSA da escena. Entran MARUXA e CARMELA).

MARUXA. Non sei eu se isto vai servir para espertar de verdade a Rosa. Creo que non se quere dar conta da realidade.

CARMELA. Que pouco confías en min, Maruxa!!

MARUXA. Non confío pouco. Máis ben, ¡¡non confío nada!! Creo que o mellor que podíamos facer é tirarlle un caldeiro de auga fría por riba. (cara o público) ¿A que é o mellor que podemos facer? Seguro que vós espertaríades á primera, ¿Eh?

CARMELA. Non sexas bruta, Maruxa. Dixéronnos que fomos delicadas. E imos a ser delicadas.

(Saen da escena, cara o lateral dereito, pero nunca lonxe do baúl. Entran CARMUCHA, LOLA - por un lado - e MARÍA JOSÉ - por outro lado. Atópanse no medio da escena. Tamén se achegan á escena ROSA e DEMO, non interveñen, pero escoitan e ven).

MARIJÓ. Ai Carmucha! Canto tempo había que non vos vía muller. Dende que vos desfixestes de túa sogra, non volvín vervos.

LOLA. (tíralle da man á Carmucha). Mamá, ¿nós desfixémonos da avoa?

CARMUCHA. (cara Lola) Non filla. (cara Marijó). O que quixo dicir foi que dende que a avoa non está, non nos volveu ver.

MARIJÓ. Bueno, ti xa me entendes. É que túa cuñada díxome que vos estorbaba na casa e por iso a levou ela para o pisiño da cidade. Xa sabes que Puri é moito de falar mal da xente.

CARMUCHA. A nós nunca nos sobrou miña sogra na casa. Oxalá aínda estivese con nós (pon cara de pena). Aínda que non se portou demasiado ben comigo e Manolo cando casamos... Seica eu era moi pobre para o seu fillo, e botoume na cara toda a vida que el traballase nun bar...

LOLA. (con tristura) Boto de menos a avoa, mamá.

MARIJÓ. Ai neniña (cóllelle as fazulas a Lola e con acento galego, falando en castelán) todos tenemos que marcharnos algún día. No vamos a estar aquí toda la vida, neniña.

CARMUCHA. Bueno, nós temos presa. Xa nos veremos María José. Deica logo! (botan a andar e dille á súa filla) Lola, ás persoas que veñen cos chismes e coa intención de facernos dano, non se lle fai caso ningún (e acaríñalle a cara).

(Saen CARMUCHA e LOLA. Entran PURI e RAMÓN, que se atopan con MARÍA JOSÉ).

MARIJÓ. Ai, Ramón!! (dálle un abrazo). Puri!! (dous bicos con actitude moi falsa). Acabo de cruzarme en la rúa con vuestra cuñada y sobrinaña. De verdad que cada día es más desagradable hablar con ella eh?

PURI. Hola Mery. Hacía mucho tiempo que no te veíamos. No te preocupes por Carmucha, porque ella vive en el rural. No podemos pedirle peras a la vaca mujer.

RAMÓN. Será al olmo, Puri.

PURI. Bueno Ramón, vosotros ya me entendéis. ¿Qué falta tengo YO de saber que las peras vienen del olmo si YO las comprom en el supermercado?

MARIJÓ. ¿Y que tal los pequechos? ¿Ya van al colegio? ¿Serán dos angeliños no?

PURI. Angelillos no; son unos demonios... Se parecen tanto a la familia de Ramón... De haberse parecido más a mi familia, mis jaquecas estarían curadas desde hace años.

MARIJÓ. Bueno, mujer. Tampoco será para tanto... La familia de Ramón es de las mejores de la parroquia. (corta y cambia de tema). ¿Y dónde váis a celebrar la Navidad este año?

PURI. ¿La Navidad? ¿Eso está anticuadísimo? La última que celebramos fue con mi suegra. Este año nos iremos a celebrar el solsticio de invierno a Tenerife, con unos amigos de Ramón.

RAMÓN. (moi fachendoso). La verdad es que el dueño del banco me ha invitado a una fiesta privada: habrá cena, cotillón, y tenemos niñeras para que se queden con los niños y no estorben.

MARIJÓ. ¿Entonces llevais a tu hermano y su familia no?

PURI. (se ríe) Ai... que graciosa eres Marijó. Sería perfecto, sí. Pero no es un lugar para ellos. Manolo y Carmucha no están acostumbrados a ambientes tan finos y con gente tan inteligente. (toca el hombro de Marijó) Fíjate las personas importantes con las que nos vamos a reunir que nos llevan en coche hasta Tenerife...

RAMÓN. Y, además, la ropa, la comida... Ellos están acostumbrados a lo de siempre. No, no... Sería un inconveniente muy grande.

MARIJÓ. Claro, claro... Tenéis muchísima razón...

(Saen camiñando conversando os tres. Mentres, MANOLO segue pensativo no seu escalón).

MANOLO. (mira ó frente, coa mirada perdida, e cada vez máis molesto) A verdade é que non entendo por que miña nai deixou de celebralo Nadal do Señor... Oxalá estivese aquí para poder preguntarlle. (ROSA e DEMO camiñan cara Manolo).

ROSA. Aquí estou meu neno... Fala comigo. Desafoga.

MANOLO. (segue coa mirada perdida, sen darse conta de que súa nai está con el. Demo achégase a el e dille algo o oído. Manolo comeza a enfadarse). Pois eu tampouco vou celebralo Nadal (moi enfadado). Total, para que ninguén se acorde do que é importante de verdade... A meu irmán case non o vexo, e ¡só vivimos a dous quilómetros! Non lle importa máis que gañar e gañar... Dalle igual a quen leven por diante. (sae da escena).

ROSA. Non, meu fillo... Non fágalo mesmo ca min... O importante é a familia, e o Neno que ven nacer a cada fogar cada Nadal...

MANOLO. Só lles interesa enchelas rúas de luces e comprar cantos máis agasallos mellor.

Pero se morre alguén... Ahí xa non se celebra o Nadal...

ROSA. Ai meu fillo... Non souben facelas cousas ben.

DEMO. (camiña cara o público e fálalles) Esto é moi divertido... Non sabedes canto! Primeiro esquecemos o verdadeiramente importante. Logo puxemos a atención nas luces... E agora, xa todo da igual! (Risa de maldade).

(Vanse todos da escena).

ACTO 3º

María está dando voltas preocupada pola escena, trata de pensar no xeito de solucionar este problema tan grande na familia de Rosa, e aínda cre que pode facelo sen chamar ao “xefe”.

MARÍA. (camiña desesperada pola escena. Ten un abanico na man, porque hai momentos nos que lle da a sensación de que se vai desmaiar da tensión) ¿Como pode ser que estas dúas non dean feito un encargo tan sinxelo? Está visto que cando unha quere que as cousas saian ben ten que ir en persoa... Ai meu Deus... Achégase un dos momentos máis importantes do ano e xa case non queda esperanza para que o Neno volva nacer... Ai meu Deus...

(Entran Maruxa e Carmela).

CARMELA. (Cun sorriso na cara) ¿Chamáchesnos María? Viñemos en canto puidemos. Estabamos arranxando o que nos pediches.

MARÍA. ¿Arranxando? (grítalles) ¡¿Arranxando?! (suspira profundamente, e logo fai que prancha o vestido coas mans, mentres as mira con cara de enfado e con voz moi seria lles fala). Temos que ser máis eficaces. O voso plan non está funcionando.

MARUXA. Eu xa llo dixen a Carmela, pero pensa que todo é ir tirando flores e po máxico... (agora mira a Carmela) e non todo é ir cantando e bailando pola vida...

CARMELA. (triste) Eu quería lembrarlles o fermoso e importante do Nadal... (baixa a cabeza, para pedir perdón), pero creo que o meu método vai levar un pouco máis de tempo.

MARÍA. Non temos tempo. Vai chegar o Nadal, e o meu neno quere volver nacer no corazón desa familia. Para iso hai que xuntalos a todos. ¿Ocórresevos algo?

CARMELA. ¿Unha festa?

MARUXA. ¿Un enterro?

(María e Carmela mírana con susto)

MARUXA. ¿Qué? (agora diríxese ao público). Non me digades que non... Sabedes que teño razón. Moita xente prefire os funerais ao Nadal. (con ton de acusación) e non hai que ir moi lonxe para iso ¿eh?

MARÍA. ¡Maruxa! ¡Non sexas tan impertinente! Precisamos a axuda de toda a xente posible, e se lles falas así non che van botar unha man.

CARMELA. ¿Entón qué? ¿Facemos unha festa?

MARÍA. Achegádevos a min... Vouvos contar o meu plan... (xúntanse as tres, e comentan en segredo o plan, mentres saen de escena).

ACTO 4º

Xa no despacho de don Roberto, está facendo as xestións para organizar unha cena na noite do Nadal, para que toda a parroquia xunta poida compartir ese día tan especial.

DON ROBERTO. (está chamando por teléfono). Si, vémonos nun momento entón. (...) Vale, é moi importante que nos vexamos hoxe. Hai que deixalo todo listo. (Chaman á porta). Si, adiante! Deica logo (remata a conversa por teléfono).

(Entran MANOLO, CARMUCHA e LOLA).

CARMUCHA. Moi bos días, don Roberto. Viñamos dicirlle que neste Nadal non imos a participar nas actividades da parroquia.

DON ROBERTO. (levanta a vista dos papeis por riba das gafas). Entón, ¿a que vindes?

LOLA. É que meu pai decidiu non celebralo Nadal este ano. Está moi triste.

DON ROBERTO. ¿Pero que pasou Manolo?

MANOLO. Miña nai tiña razón. Non ten sentido celebralo Nadal, sobre todo con esta familia. E agora que xa non está nin meu pai, nin ela, menos aínda...

CARMUCHA. (interrompe a Manolo) Verá, don Roberto, Manolo está pasando por unha época difícil, e non sei eu se o Nadal lle vai axudar moito...

(Neste momento, entran no despacho RAMÓN, PURI e os nenos. Lola, saúda aos seus primos moi contenta, pois había tempo que non os vía e vai xogar con eles, mentres os maiores falan con DON ROBERTO).

MANOLO. (suspira de cansancio) Os que faltaban...

DON ROBERTO. ¿Alguén máis vai faltar a celebración?

PURI. Ai, YO lo siento muchísimo, don Roberto. Pero la noche del solsticio de invierno la celebraremos en Tenerife, y nos vamos en coche hasta allí.

MANOLO. Pois avisa cando chegedes, ¿eh?

PURI. ¿Por qué, Manolo?

MANOLO. Pois porque Tenerife é unha isla... (facendo o sinal de “estás loca”, e Puri faise a ofendida, e CARMUCHA fai o sinal da cruz).

CARMUCHA. Pero se vós dicides que chegades en coche... Será verdá. (Agora fala con

Manolo) Deixaa coa súa ilusión, home... Non ves que a ignorancia non se cura con cartos?

MARUXA. (Está nun lado da escena con María e Carmela. Mira a escena, logo a María e Carmela e finalmente mirando ó público) Pois a min ségueme parecendo mellor idea a do enterro, ¿Eh?

(Os nenos están facendo moito barullo, movéndose, xogando no chan...)

PURI. (fáltalle paciencia, comeza a gritar). Niños!!! Estaos quietos!!! Me provocáis una jaqueca insufrible!!! Raaaamón!! ¿Dónde está la niñera?

RAMÓN. ¿No me dijiste que la despidiera?

PURI. ¡Ramón! ¿Cómo puedes tener tan poca consideración con mis jaquecas?

MANOLO. Bueeno...

CARMUCHA. Canta pacencia de nuestro Señor...

PURI. ¡Ramón! ¡En tu familia sois unos insensibles! Dile a tu hermano que ni abra la boca...

MANOLO. Eu non tiña pensado...

(Saen todos de escena. Entran DEMO e ROSA)

DEMO. Ai a que se está montando... (xogando cos dedos coma o Señor Burns).

ROSA. Para non cheirarche nada o alento e ir tan repeinada, non es moito de fiar, eh? (camiñan cara un lateral). Agora dime xa por que me segues a todas partes? (indignada) Quero solucionar isto! (moi triste) Non pode ser demasiado tarde...

MARÍA. (achégase a Rosa moi solemne) Nunca é tarde... De verdade queres solucionar este problema? (Quedan nun lateral da escena. Rosa moi pensativa. María cun sorriso tranquilo).

ACTO 5º

As veciñas - criticonas de Rosa atópanse e falan de máis, coma sempre.

(Entran MARIJÓ e MARICHÚ. Camiñan e atópanse na rúa).

MARIJÓ. (fala ansiosa). Ai o que teño que contarche!!!

MARICHÚ. Non me asustes muller.

MARIJÓ. Ai, pobre Rosiña. Se chega a volver, non sei eu se marcharía de novo.

MARICHÚ. ¿Pero que pasou?

MARIJÓ. Porque se a familia está reunida co cura, seguro que nada bo pode saír de alí.

MARICHÚ. ¿E a que irían a falar co cura?

MARIJÓ. Seguro que foron falar con don Roberto para pedirlle que non diga as misas que eu lle encarguei para o meu defuntiño e a miña tan querida amiga Rosiña.

ACTO 6º

Comeza o desenleio da historia...

(Entran MARUXA e CARMELA, con MARÍA, que xa ven con XOSÉ e o neno. María e Xosé apártanse a un lateral. CARMELA e MARUXA diríxense ao baúl. Mentres, sae toda a familia, que está reunida. Entón, CARMELA e MARUXA, meten unha man cada unha no baúl, e sácana co puño pechado. Abren as mans e sopran cara os pequenos da familia).

LOLA. (mira aos pais). ¿Algunha vez poderíamos deixar de pelexar e ser unha familia?

CARMENCITA. Lola tiene razón. Siempre nos peleamos, y a mí me gusta más abrazar.

JONATHAN. No recuerdo una Navidad tan bonita como cuando la abuela vivía.

CARMENCITA. Y después... niñeras y más niñeras...

LOLA. ¿Que son as niñeras?

CARMENCITA. (mira aos pais e, con cara de asco, contesta á súa prima). Niñeeras... Son gente a la que pagan para cuidarnos.

JONATHAN. ¡Y para eliminar las jaquecas de mamá!

CARMENCITA. ¿Nos damos un abrazo? (abrázanse os primos, e os pais quedan perplexos e calados diante da verdade).

(Entran DEMO e ROSA, que xa leva as ás, mentres todos quedan na escena).

DEMO. (con cara resignación) ¿Otra vez? Volvín quedar sen festa. Demo 0 - “Xefe”, mmm... ¡xa perdín a conta! E mira que traballo para que o Nadal deixe de existir... Que inxusta é a miña vida...

ROSA. (dille a Demo) O amor pode con todo, querido amigo, sobre todo o dos máis pequenos, que é o máis desinteresado e sincero. Gracias á miña familia, volvín a vida. Non se pode ir por aí contaxiando tristura, senón ledicia. O Neno volve nacer en cada un de nós cada Nadal, e se non o deixamos

nacer... O Nadal, non terá sentido. Senón, ¡que mo digan a min! (volve dar un golpe co bastón no chan). (Saen Carmela e Maruxa a escena, e traen as ás de anxos postas, pero non o saben).

CARMELA. (ven contenta a recollelo seu baúl, para cando volva a necesitalo, e ve que Maruxa ten ás) Ma..ma.. ma... (tartamudeando). Ma..ru.. xa!! Tes ás!!

MARUXA. (moi borde). E ti tamén.

CARMELA. A ver se podemos voar!!

MARUXA. A ver muller, que non temos cinco anos ¿Eh?

(Diríxese María a CARMELA e MARUXA)

MARÍA. Consegúchedelo!! Noraboa!! Acabades de gañalo ascenso.

CARMELA. (asombrada) ¡Un ascenso!

MARUXA. (resopla) !Tanta alegría estame dando alerxia!

CARMELA. (sinala ao fondo, e entran os Sabios de Oriente). Pois a festa vai comezar. Porque están chegando os invitados que faltaban! ¡Festa! ¡Festa!

(Entran os Reis)

MELCHOR. Que tranquilo está esto. Dixéronnos que a situación iba a estar un pouco máis revolta.

GASPAR. Eu non as teño todas comigo. Igual era bo facerlle unhas preguntíñas, para ver como está a cousa: mellor, un interrogatorio coma os do CSI.

BALTASAR. ¡Que pregunta, nin que pregunta! O ano pasado, viñemos porque roubaran o Nadal. ¡Aquí pode pasar calquera cousa! Despois quéixanse dos que vimos de fóra...

MELCHOR. Xa me acordo... Tres vellas rosmando e un grupo de chavales que pensaban que se podía roubar o Nadal.

BALTASAR. O mellor foi a comida: os polvoróns, os turróns, las peladillas...

GASPAR. Pois este ano, non quedaron atrás. Unha familia pelexada, e sen darse conta de que Xesús volveu nacer no medio deles.

MELCHOR. A ver para o ano que nos toca!!

LOLA. (diríxese aos Reis Magos), para o ano tocará algo tan especial coma este! Porque no Nadal, todos volvemos nacer dalgunha maneira...

(Tódolos personaxes da obra colócanse para bendicir a quen os veu ver: é unha bendición dos nenos a tódalas familias. Cada un que lle toque bendicir, coloca as súas mans para facelo e mantenas así ata que rematen os demais).

LOLA. Gracias, Señor, por todo canto nos deches no ano que rematou.

JONATHAN. Gracias polos días de sol e os tristes nublados.

CARMENCITA. Polas tardes tranquilas e as noites escuras;

MARUXA. Gracias pola saúde e a enfermidade, polas penas e alegrías.

MARICHÚ. Gracias polo sorriso amable e pola man amiga.

MARIJÓ. Polo amor e por todo o fermoso.

ROSA. Pola existencia dos nenos e das almas boas. Polos maiores e as persoas fortes.

CARMUCHA. Gracias pola soidade, polo traballo, polos estudos, polas inquietudes.

MANOLO. Polas dificultades e as bágoas, por todo o que nos achegou a ti.

CARMELA. Gracias, Señor, pola vida.

RAMÓN. Pedímosche fe para mirarte en todo, esperanza para non desfalecer e caridade para amarte en cada persoa.

PURI. Danos paciencia e humildade, desprendemento e xenerosidade.

DON ROBERTO. Danos, Señor, o que ti sabes que nos convén e nós non o sabemos pedir.

DEMO. Que teñamos o corazón alerta, o oído atento, as mans e a mente activas, e que atopes sempre dispostos a facela túa vontade.

MARÍA. Derrama, Señor, as túas gracias sobre tódalas persoas ás que amamos, e concédelle a túa paz ao mundo enteiro.

TODOS. AMÉN. TODOS. ¡¡FELIZ NADAL!!